



University of  
St Andrews | FOUNDED  
1413 |



XUNTA  
DE GALICIA



## **Identities in transition: Representations of cultural identity of the Galician diaspora**

University of St Andrews  
16 e 17 de xuño de 2017

### **CHAMADA A COMUNICACIÓNS**

Segundo datos oficiais, nos últimos anos tense duplicado o número de galegas e galegos emigrantes. O Instituto Nacional de Estadística (PERE, 2016), por exemplo, ofrece cifras que suxiren que máis do quince por cento da poboación galega reside no estranxeiro, chegando a superar o medio millón de persoas. É evidente que a emigración galega, tanto a pasada como a presente, está motivada por condicionantes externos e, polo tanto, non tería que considerarse un fenómeno natural. Sen dúbida, a diáspora galega ten moitas caras, esconde infinidade de historias e maniféstase dos xeitos máis diversos, favorecendo unha serie de cambios sociais que deixan o seu sinal no legado cultural desta comunidade. É por este motivo que o presente congreso propón a ampliación de paradigmas en torno ao tema da emigración galega para abrir novas liñas de investigación que recollan interpretacións alternativas sobre a fragmentación da identidade galega no contexto actual.

A coxuntura de crise económica, a presenza de formas innovadoras de comunicación desta era dixital, ao igual que outros factores que fan que emigrar deixe de ser un evento tan traumático como o era durante o século pasado, obrigan a reflexionar sobre a forma na que as múltiples mobilidades galegas teñen influído na construción de novas identidades. As artes, en todas as súas formas –xa sexan literarias, visuais ou performativas– ilustrarán nos próximos anos o xeito no que a situación de crise económica que caracteriza o comezo do presente século ten condicionado a toda unha nova xeración de emigrantes. Pero “Identities in transition: representations of cultural identity of the Galician diaspora” considera que a perspectiva histórica actual permite que nos acheguemos a este fenómeno dende un punto de vista crítico xa que existe unha xeración de artistas cuxas obras axudan a reconfigurar un sentido alternativo de realidade transnacional e transcultural lonxe da noción existencialista do concepto nación-estado. Por isto, para esta reunión convidamos a que se analice o presente, mais sen perder de vista os diferentes períodos que teñen marcado as diásporas galegas dende principios do século XX.

Convidamos a todas aquelas persoas que queiran participar no congreso “Identities in transition” a que envíen as súas propostas para unha comunicación de vinte minutos arredor das cuestións que aquí se presentan, a través dun resumo dun máximo de 300 palabras, á dirección [identidades2017@st-andrews.ac.uk](mailto:identidades2017@st-andrews.ac.uk) antes do 28 de febreiro de 2017. Entre as posibles liñas de investigación, destácanse as seguintes:



University of  
St Andrews | FOUNDED  
1413 |



XUNTA  
DE GALICIA



- A diáspora galega e as súas representacións culturais
- Cultura, poder e resistencia dende o exterior
- Literatura de fronteiras
- Transculturación e aculturación na diáspora
- Ficcións culturais transnacionais
- Xénero e (e/in)migración
- Globalización e emerxencia cultural
- A retórica do movemento
- Ficcións culturais en torno á Fortaleza Europea
- Vellas e novas tipoloxías migratorias galegas
- Nostalxia, saudade e/ou sentido de pertenza

O congreso levarase a cabo en galego, español e inglés, e terá lugar na School of Modern Languages da University of St Andrews durante os días 16 e 17 de xuño de 2017.

Máis información dispoñible na páxina web do congreso: <http://identidades2017.wp.st-andrews.ac.uk/>